

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Vila de Cruces para que dea cumprimento ao previsto nos apartados Sétimo e Décimo da Instrución 1/2018, do 26 de abril, e se proceda á execución subsidiaria sen máis trámites.

Expediente: F.11.Q/1967/22

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. XXX referente a unha plantación de eucaliptos sen manter as distancias no Concello de Vila de Cruces.

ANTECEDENTES

No seu escrito, a persoa que promove a queixa manifesta que con data 25/09/2020 (nº de rexistro xeral de entrada 4009/RX 1845315), presentou na Xunta de Galicia, escrito de denuncia por plantación de eucaliptos en parcela con referencia catastral XXX, sita no lugar de O Camballón - Vila de Cruces.

Dita parcela encóntrase emprazada diante da súa vivenda con referencia catastral XXX.

Dita denuncia foi remitida ao Concello de Vila de Cruces con data 08/10/2020, ao considerarse que é competencia municipal dito expediente (nº RE 2020-E-RC-2812).

Recibida a denuncia indicada, por parte do Concello de Vila de Cruces, se incoa expediente núm. 768/2020, emitíndose informe técnico núm. 2020-0290, con data 15/10/2020, pola Técnica Municipal de Urbanismo, así como informe xurídico núm. 2020-0096, por parte da Secretaría Xeral Municipal.

En base aos citados informes, pola Alcaldía dístase Decreto núm. 2020-0532, de data 29/10/2020, incoando expediente de orde de execución das actuacións preventivas de xestión de biomasa vexetal. Dito Decreto foi notificado ao denunciado con data 09/11/2020 (nº RS 2020-S-RC-1014).

Por parte do propietario da parcela, non se procedeu a presentar ningún tipo de alegación nin se procedeu á execución das actuacións preventivas indicadas no referido Decreto da Alcaldía. Posteriormente, a Alcaldía con data 26/02/2021, emitiu un novo Decreto núm. 2021-0109,

ditando unha nova orde de execución contra o denunciado das actuacións preventivas de xestión de biomasa vexetal no prazo de 15 días naturais. Indicábase no citado decreto que o incumprimento do ordenado habilitaba á administración municipal para:

a) Executar subsidiariamente con repercusión dos custos da xestión da biomasa, e de ser o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración de acordo coas condicións establecidas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

b) A imposición de multas coercitivas.

Con data 30/04/2021, por parte da Técnica de Urbanismo Municipal, emítese informe de inspección nº 2021-0128, no que se fai constar que as actuacións de prevención non foron realizadas polo denunciado, o que habilitaba á Administración municipal para executar de forma subsidiaria ditas actuacións ou ben a imposición de multas coercitivas.

En repetidas conversacións e reunións presenciais no Concello, indicóuselle que se procedería á execución subsidiaria por parte do Concello ou ben á imposición de multas coercitivas a efectos de obrigar ao propietario para que retirase a plantación dentro do perímetro prohibido pola distancia a edificacións e estradas de ámbito autonómico e municipal. Porén, a Alcaldía non procedeu a realizar en todo ese tempo (entre abril de 2021 e abril de 2022), ningún tipo de actuación. Por parte do Sr. Alcalde, se lle indicaba que "xa falaría co propietario para que executase as ordes que se indicaban no Decreto". Estas respostas foron dadas en diversas ocasións, pero sen ningún tipo de acción por parte da Alcaldía.

Expresaba a súa indefensión ante esta situación e solicitaba que se instase do concello o exercicio das competencias municipais á maior brevidade posible, dadas as circunstancias, por tratarse dun plantación de eucaliptos que co paso dos meses vai incrementando o seu volume.

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información a ese Concello de Vila de Cruces que confirma que mediante Decreto da Alcaldía núm. 2020-0532, de data 29/10/2020, incoou expediente de orde de execución das actuacións preventivas de xestión de biomasa vexetal na parcela XXX, propiedade de D. XXXX.

Novamente, mediante Decreto da Alcaldía núm. 2021-0109, de data 26/02/2021, ditou orde de execución contra D. XXXX, das actuacións preventivas de xestión de biomasa vexetal na parcela XXX, outorgándolle un prazo de 15 días naturais para a realización das actuacións. O incumprimento habilitaría para que a administración executara de forma subsidiaria ou procedera a imposición de multas coercitivas.

Con data 30 de abril de 2021, por parte da Técnica de Urbanismo Municipal, emítase informe núm. 2021-0128, mediante o cal se constata que, á vista da inspección efectuada, dedúcese que non se levou a cabo a orde de execución imposta nos devanditos Decretos desa Alcaldía.

A última actuación da que se informa é que se procederá á imposición de multas coercitivas de 600,00 €, cunha periodicidade bimensual, a D. XXXX, ata o cumprimento da execución das actuacións preventivas de xestión de biomasa vexetal na parcela con referencia catastral XXX.

ANÁLISE

A vista do informe remitido, consta que a incoación do expediente de orde de execución realizouse en outubro de 2020. A reiteración da orde non tivo ningunha efectividade.

Tampouco as multas coercitivas, que non son un mecanismo alternativo ao cumprimento das obrigas legais de xestión de biomasa senón, como o seu nome indica, unha vía coercitiva para procurar a súa execución.

No informe municipal non consta ningunha valoración sobre a persistencia no incumprimento das obrigas preventivas de xestión referidas nos decretos desa Alcaldía logo do transcurso do prazo máximo para o cumprimento voluntario outorgado na pertinente comunicación ou requirimento.

De acordo co establecido no art. 336 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento de lei do solo de Galicia, as ordes de execución son executivas dende o momento en que se ditan. No suposto de persistir o incumprimento da orde de execución a administración procederá a execución forzosa mediante execución subsidiaria o mediante imposición de multas coercitivas. Continua o citado artigo sinalando que a imposición de multas coercitivas se reiterara ata lograr a completa execución do ordenado *salvo que a administración competente, neste caso ese concello opte, en calquera momento, pola execución subsidiaria.*

A Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. Esta instrución ten por obxecto establecer os criterios de interpretación para a aplicación administrativa das previsións contidas na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, en caso de incumprimento polas persoas legalmente responsables das súas obrigas en materia de

xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas, tal como estas obrigas quedan definidas logo da reforma das devanditas disposicións pola Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Tal como indica esa instrución, trátase, por unha banda, de expoñer dunha maneira sistemática e clara a repartición de competencias coa Administración xeral da Comunidade Autónoma legalmente establecida, co fin de reducir as dúbidas ou incertezas que poida producir a súa aplicación práctica, e, por outra banda, de ofrecerlles uns criterios interpretativos das novas normas que, con pleno respecto á autonomía local, lles faciliten a súa execución na mesma medida que aos órganos e unidades administrativas da Consellería do Medio Rural.

Esa instrución sinala que, no seu ámbito de aplicación, corresponde aos concellos a competencia para vixiar o cumprimento e impoñer o cumprimento forzoso das seguintes obrigas:

a) Obriga de xestión da biomasa vexetal e de retirada de árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, no ámbito das redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, nunha franxa de 50 metros:

1º. Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.

2º. Arredor das edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros do monte.

3º. Arredor das edificacións illadas en solo rústico situadas a máis de 400 metros do monte.

Consonte o establecido polo artigo 54 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as competencias para incoar, instruír e resolver os procedementos sancionadores por infraccións derivadas do incumprimento das obrigas incluídas no ámbito de aplicación desta instrución corresponden aos concellos nos supostos de incumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e de retirada de especies arbóreas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa e arredor das novas instalacións, urbanizacións e edificacións, sempre que se atopen en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural.

As comunicacións e requirimentos que se envíen ás persoas responsables para recordarlles o cumprimento das obrigas incluídas no ámbito de aplicación desta instrución conterán, entre outras mencións, o apercebimento de que, en caso de persistencia no incumprimento logo do transcurso do prazo outorgado, *se procederá á execución subsidiaria sen máis trámites.*

O apercebimento incluírá unha referencia expresa á obriga legal da persoa titular do terreo ou do dereito de aproveitamento deste de facilitar o acceso ao suxeito que realice os traballos de execución subsidiaria e á facultade deste último de acceder sen necesidade de consentimento da persoa titular, agás naqueles supostos excepcionais en que o acceso afecte, dentro da parcela, espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio para os efectos do artigo 18.2 da Constitución.

Nesa comunicación, o concello incluírá a liquidación provisional dos custos a que previsiblemente dará lugar a devandita execución subsidiaria, coa advertencia de que se procederá a súa exacción inmediata en caso de persistencia no incumprimento, logo do transcurso do prazo outorgado, sen prexuízo da liquidación definitiva unha vez rematados, de ser o caso, os traballos. A liquidación provisional consiste no establecemento dunha cantidade estimada por hectárea dos traballos necesarios para xestionar a biomasa.

Incluírase tamén a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento logo do transcurso do prazo outorgado, se iniciará tamén o correspondente procedemento sancionador, indicando expresamente a Administración competente para sancionar, a cualificación da infracción e a contía máxima da sanción pecuniaria que se poida impoñer, así como que se procederá ao comiso cautelar da madeira resultante da corta das especies arbóreas que deban ser retiradas.

O apartado Décimo da Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas regula con detalle as actuacións administrativas en caso de persistencia no incumprimento.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, reguladora desta institución da Valedora do Pobo facer chegar a ese Concello de Vila de Cruces o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

Que, de constatare no momento de recibir esta resolución da Valedora do Pobo a persistencia polo propietario no incumprimento da obriga de retirada da especie arbórea plantada no terreo de referencia, o Concello de Vila de Cruces dea cumprimento ao previsto nos apartados Sétimo e Décimo da citada Instrución 1/2018, do 26 de abril, e se proceda á execución subsidiaria sen máis trámites.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo